

# DÍA INTERNACIONAL DA INTERNET SEGURA

ACTIVIDADES



**e-vocación**  
**Santillana**

O **Día Internacional da Internet Segura (Safe Internet Day)** é un evento de grande envergadura que foi proposto pola **rede INSAFE** e apoiado pola **Unión Europea**. Celébrase o segundo día da segunda semana do segundo mes do ano, ou dito doutro xeito: o segundo martes de febreiro.

Máis de cen países celebran este día, cuxo obxectivo principal é concienciar sobre a importancia que ten o facer de Internet unha plataforma dixital máis segura.

Foi a partir do ano 2004 cando se consolidou esta iniciativa que mobilizou millóns de persoas en todo o mundo para promover e debater sobre o correcto uso de Internet, especialmente entre a xente nova, xa que é a poboación máis vulnerable. A continuación, propoñémosvos unha serie de actividades para realizar co voso alumnado.

## GUÍA PARA AS FAMILIAS

Nesta ocasión non incluímos actividades para o ciclo de Infantil, xa que é un grupo de idade co que é difícil abordar estes temas e que os comprendan; a cambio, propoñémosche unha pequena guía para que imprimas e ofrezas aos familiares dos alumnos e das alumnas de calquera grupo de idade.

1. Manter o ordenador nunha zona compartida da casa familiar.
2. Establecer o tempo de conexión e de utilización do ordenador.
3. Compartir algunha actividade cos nenos e coas nenas na rede.
4. Ensinarlles aos nenos e ás nenas a protexer os seus contrasinais.
5. Estimular e fomentar o espírito crítico dos nenos e das nenas.
6. Pedirlles aos nenos e ás nenas que non proporcionen datos persoais, como

idade, teléfono, enderezo... en ningunha web.

7. Consultar e vixiar o historial de navegación dos nenos e das nenas.
8. Bloquear algunhas webs non recomendables no navegador.
9. Actualizar programas de seguridade e activar os sistemas de control parental que bloqueen o acceso a determinados contidos.
10. Aconsellar os nenos e as nenas a que non acepten contactos nin contesten a correos de persoas que non coñecen, por moi simpáticas que sexan.
11. Denunciar calquera situación sospeitosa.

## PRIMARIA (de 6 a 8 anos)

### Protexe os teus segredos

Velaquí unha idea para crear un contrasinal moi seguro:

- Pensa nunha frase graciosa que poidas lembrar. Pode ser parte da letra da túa canción favorita, o título dun libro, unha frase dunha película, etc.
- Escolle a primeira letra ou o primeiro par de letras de cada palabra da frase.
- Substitúe algunhas letras por símbolos ou números.
- Escribe algunhas letras en maiúscula e outras en minúscula.

Poñamos en práctica as nosas habilidades novas co xogo dos contrasinais.

#### 1. Crea contrasinais

Dividirémonos en equipos de dúas persoas. Cada equipo terá un tempo limitado para crear un contrasinal. Opción para desafío: os estudantes primeiro comparten pistas coa clase para ver canta información contextual se necesita antes de adiviñar correctamente o contrasinal.

2. Compara os contrasinais.

No encerado, dous equipos escribirán o seu contrasinal ao mesmo tempo.

3. A votar!

Votaremos e comentaremos cal dos dous contrasinais é o máis seguro.

Para finalizar e poder realizar un debate na clase podemos ver este vídeo <https://www.youtube.com/watch?v=a-5nlv3Q-50> en que se mostran os perigos da rede en forma de cómic.

## PRIMARIA (de 9 a 11 anos)

### Dous mundos

Materiais necesarios:

- Papel de embalar
- Notas adhesivas
- Rotuladores

Procedemento:

Divídese un anaco grande de papel de embalar en dúas partes. Unha parte titularase «Mundo non virtual» e a outra «Mundo virtual».

Cada unha das partes dividirase en 8 apartados coas seguintes preguntas:

- Número de amigos/as:
- Con cantas persoas compartimos segredos íntimos?
  - Damos datos persoais (teléfono, enderezo, onde estudo...)? Si/Non
  - Damos información persoal (onde vou ir, con quen estou...)? Si/Non
- Compartimos fotografías persoais? Si/Non
- Compartimos fotografías de grupo? Si/Non
- Damos información sobre terceiras persoas (fotografías, datos persoais...)? Si/Non

-Criticamos a alguén dentro dun grupo?  
Si/Non

Cada alumno/a contará con 8 notas adhesivas onde responderá cada pregunta e irá apegando as respostas no papel de embalar na parte correspondente.

Unha vez que os grupos remataron, leranse todas as notas adhesivas de cada apartado e realizarase a seguinte análise:

Temos os mesmos amigos/as dentro e fóra da rede?

Todos os amigos/as que temos na rede son «amigos»?

Temos a mesma confianza cos amigos reais ca cos que temos na rede?

Compartimos as mesmas cousas dentro e fóra da rede?

Ante un descoñecido dentro da rede e un coñecido dentro da rede, temos a mesma actitude?

Atrevémonos a facer as mesmas cousas dentro e fóra da rede?

Eliximos os amigos/as co mesmo criterio dentro e fóra da rede?

As cousas persoais compartímolos máis facilmente dentro ou fóra da rede?

Todas estas preguntas servirannos para analizar o comportamento que temos en Internet e o importante que é protexer-nos.

## SECUNDARIA

### Pasando o folio

Materiais necesarios:

- Papel de embalar
- Rotuladores

Procedemento:

Esta actividade consta de dúas partes, a primeira consiste en analizar a importancia de Internet, e a segunda, en debater

sobre os problemas que pode carrearnos non estar protexidos na rede.

Dividirase a clase en dous grupos; ao primeiro grupo pediráselle que escriba ou debuxe sobre papel de embalar todas as vantaxes que nos ofrece a rede, é dicir, aquelas accións que grazas á Web 2.0 podemos levar a cabo. (Exemplos: falar con xente doutros países, intercambiar arquivos, atopar información, facer a compra, coñecer xente...).

Unha vez expostas todas as ideas, o segundo grupo terá que relacionar cada acción escrita ou debuxada sobre o papel de embalar con aquelas ferramentas que posibilitan estas accións, debuxándoas ou escribíndoas tamén sobre o mesmo papel de embalar. (Exemplos: Skype, correo electrónico, redes sociais, Wikipedia...).

Deste xeito construírase un mapa de accións e ferramentas que presentará a dimensión do universo xerado pola Web 2.0 e as oportunidades que nos ofrece.

Unha vez finalizado, realizarase co alumnado a seguinte análise:

Das accións que nomeastes, cales credes que se podían realizar hai 25 anos?

De poder realizarse, como se faría?

Como axudaron as novas tecnoloxías á sociedade?

E na clase como nos axudan?

Ocórrensevos ferramentas que se poderían introducir na clase?

Que ferramentas de Internet se poderían utilizar en cada materia?

Unha vez acabada a actividade, o docente deberá abrir un debate en que, despois de ver o importante que é Internet no noso día a día, formule como deberíamos protexernos para estar seguros e que

navegar pola rede non se converta nun verdadeiro pesadelo. Para iso, pode buscar algunha noticia relacionada co tema, co fin de que o alumnado comprenda ata onde poden chegar os piratas informáticos.

Fontes de información:

Intro:

<https://www.diainternacionalde.com/ficha/dia-internacional-internet-seguro>

Guía:

<https://www.guiainfantil.com/blog/1213/dia-de-internet-tu-hijo-hace-un-buen-uso-de-la-red.html#header0>

Primaria (de 6 a 8 anos):

[https://storage.googleapis.com/gweb-interland.appspot.com/es-es/hub/pdfs/NEW%20ES/BIA\\_ES\\_Curriculum\\_.pdf](https://storage.googleapis.com/gweb-interland.appspot.com/es-es/hub/pdfs/NEW%20ES/BIA_ES_Curriculum_.pdf)

Primaria (de 9 a 11 anos) e Secundaria:

[https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/egonline\\_unitatedidaktikoak/es\\_def/adjuntos/egonline\\_cast.pdf](https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/egonline_unitatedidaktikoak/es_def/adjuntos/egonline_cast.pdf)